

VECIÑANZA INICIA UNHA SONDAXE ENTRE O COMERCIO LOCAL E A HOSTALARÍA DE CUNTIS PARA COÑECER DE PRIMEIRA MAN A SÚA SITUACIÓN E DEMANDAS

- *Veciñanza realiza unha sondaxe entre os establecementos comerciais de Cuntis para coñecer de primeira man a situación real do comercio local.*
- *Mediante unha enquisa anónima, analizaranse os datos para a elaboración de propostas en base ás demandas e suxestións recibidas.*

Cuntis, 12 de novembro de 2020

Coñecer a situación real dos negocios locais, comercio e hostalaría, de primeira man para recoller **demandas e suxestións**. Este é o obxectivo da sondaxe que Veciñanza está a realizar xa entre os establecementos comerciais de Cuntis mediante unha **enquisa anónima**. Son unicamente catro preguntas que servirán de canle de expresión dos/das máis afectados pola crise económica que provoca a pandemia do coronavirus. Só desta maneira, coñecendo a situación real e consultando persoalmente a todos/as os comercios, bares, restaurantes e demais establecementos será posible ter unha imaxe nítida da situación e poder trazar plans de rescate e axudas económicas.

Veciñanza leva meses insistindo na implementación de medidas de apoio á hostalería e comercio, pois a situación de emerxencia sanitaria está afectando en gran maneira a estes negocios. **A análise dos datos obtidos nesta sondaxe (anónima) permitirá tomarlle o pulso á situación deste sector na actualidade no noso municipio**, e poder facer unha valoración de cales serían as iniciativas a desenvolver máis urxentes. A información obtida nesta enquisa farase pública e será a guía das propostas que de xeito inmediato lle trasladaremos ao grupo de goberno, que permanece ausente no traballo real e que se limita a contestar, a remolque pero con grandes anuncios, as demandas de Veciñanza.

